

MOSTEIROS EN GALICIA, ONDE O TEMPO SE DETÉN

ROSA FIGUEROA

ABSTRACT

In this article we carry out a route through the different monasteries of Galicia. In some of these historical buildings the lodging possibility exists for tourists. This way, the visitor can enjoy a stay in these culture, history and spirituality sanctuaries. The tourists will be able to enjoy all these elements during his lodging. The art-lovers can visit monasteries so beautiful and striking as Sobrado dos Monxes and Caaveiro (A Coruña), Samos (Lugo), San Estevo and Santa Cristina de Ribas de Sil (Ourense) or San Lourenzo de Carboeiro (Pontevedra).

Son fortes edificios de singular beleza espallados polo *pais dos mil ríos* e situados sempre en fermosos lugares. Moitos deles foron acondicionados como hospederías e nos seus claustros o tempo detense.

Dende estas páxinas propoñémoslle visitar, por provincias, só algúns dos posibles. Gozará da arte, a paisaxe e mesmo de antigas receitas da cociña monacal.

Iniciámo-la ruta en LUGO. A 35 km, saíndo pola 640 dirección Vegadeo chégase a Meira, onde se pode ve-lo Mosteiro de Santa María, con claras influencias cistercienses e tendencias góticas. Seguindo por estradas locais que se enlazan para ir a Mondoñedo e logo ata Lourenzá; en Vilanova de Lourenzá está o Mosteiro de San Salvador, a súa fachada principal é obra de Casas Novoa, autor tamén da fachada do Obradoiro da Catedral de Santiago e, segundo a opinión dos expertos, a de Lourenzá, pola disposición dos elementos e o tratamento dos espazos, é un claro precedente. Na mesma comarca de A Mariña, no municipio de Viveiro está o Mosteiro de Valde-

flores e en plena zona vella de Ribadeo o Mosteiro de Santa Clara.

É recomendable visitar tamén Chantada, Ferreira de Pantón e Monforte de Lemos con mosteiros, castelos e importantes rutas de románico. Xa no Camiño Francés, a 140 km de Santiago está un dos grandes, o Mosteiro de Samos construído en distintos períodos polo que ten estruturas románicas, góticas, renacentistas e barrocas. As estancias atópanse organizadas ó redor de dous claustros, o primeiro do s. XVI e o segundo, o grande, o de Feijoo é de finais do XVII sendo o seu estilo unha mostra do paso do renacemento ó barroco. Dada a distancia con Santiago é un punto de inicio de peregrinacións a pé, xa que un dos requisitos para recibila *Compostela* (certificado de realiza-lo Camiño) é o percorrer polo menos 100 km. Posúe hospedería.

Boa parte dos mosteiros da provincia de OURENSE atópanse concentrados na ruta da Ribeira Sacra, unha zona de gran beleza paisaxística (aquí están os maxestosos canóns do Sil que poden percorrerse en catamarán) e riqueza de fauna e flora autóctonas. En Os Peares, onde o río Sil une a súa canle co Miño, tómasse a estrada local que bordea o Sil e ascende ata chegar ó Mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil, un dos maiores da Ribeira Sacra. A fachada é barroca, un dos claustros renacentista e, o outro, o dos Bispos, ten unha arquería románica con contrafortes góticos que rematan en coroamento decorado con gárgolas de fantásticas figuras. Deixamos San Estevo e seguindo o curso do Sil. Nun lugar paradisíaco está Santa Cristina de Ribas de Sil, coa súa igrexa románica dunha nave con triple ábsida e unha portada coroada por un fantástico rosetón. En Montederramo, Mosteiro de Santa María cun templo do período herreriano e onde o claustro procesional se converteu en patio do Colexio de EXB. En Xunqueira de Espadañedo, outro mosteiro a Santa

María, aínda que nas antigas dependencias monacais deste, ó redor do claustro renacentista, se instalaron o Concello, o Centro Social e os Xulgados da poboación.

En Esgos, no **Mosteiro de San Pedro de Rocas** as capelas orixinais, que aínda se conservan, foron escavadas directamente na rocha, ó igual que a bufarda da capela central. Ten outra curiosidade, a espadana onde estaban as campás non está no edificio senón nun penedo. Baixando a Maceda por Baños de Molgas ata **Xunqueira de Ambía** está a igrexa de Santa María, de estilo románico, planta basilical e un precioso claustro oxival.

En **Allariz**, Mosteiro de Santa Clara, de clausura. En **Celanova** destaca a imponente figura do



Mosteiro de Santa María de Oseira. Ángulo do claustro dos Medallóns.

Mosteiro de San Salvador, a súa igrexa posúe un dos máis belos coros de Galicia e as dependencias son as mellor aproveitadas da comunidade xa que albergan dous institutos, a Casa Consistorial, o xulgado e un Centro Social de Terceira Idade. *Aconsellable a visita á irrepetible igrexa de Santa Comba de Bande*, visigótica do s. VII.

De Celanova a Ourense para seguir a **Oseira**, un dos mosteiros máis importantes de Galicia. Pertence á orde beneditina e, aínda que a fachada da súa igrexa é barroca, o interior é románico tardío con dcambulario e cunha interesantísima Sala Capitular con columnas retorcidas. Ten dous claustros, o dos Cabaleiros e o dos Medallóns que posuía unha fonte que agora está na Praza do Ferro en Ourense.

San **Clodio** (Leiro) e **Melón**. Desde Ourense a **Ribadavia**, onde é inescusable visita-las súas fermosísimas igrexas e o barrio xudeu e onde é posible ata degustar repostería realizada con receitas de antano. Na comarca de Ribadavia atópanse os mosteiros de San Clodio e o de Melón. O primeiro posúe unha igrexa románica do XIII e os seus claustros e torres son do XVII. O de Melón, de doado acceso porque está na N 120, é cisterciense do XII.

En **PONTEVEDRA** pódese inicia-lo itinerario no convento de San Francisco. Camiño de A Toxa, un alto na ruta para ver **San Xoán de Poio**, de orixe moi antiga, xa que os primeiros documentos da súa existencia se remontan ó s. X. Destaca a fachada barroca da súa igrexa e, no seu interior, a bóveda de casetóns e o retablo churrigueresco de Bernardo Cabrera. Tamén o sepulcro de Santa Trahamunda, de época moi remota. Detrás do mosteiro, na horta, atópase o hórreo de maior superficie de Galicia.

A ruta segue ata Samieira e logo polas estribacións do Monte Castrove, para chegar ó **Mosteiro de Armenteira**, situado nun enclave de gran beleza. Sorpréndelle ó visitante a igrexa, polas súas grandes proporcións, pola portada abucinada de arcos apuntados e rosetón. Do mosteiro o máis importante é o claustro procesional de bóvedas estreladas sobre arcos de medio punto.

O **Mosteiro de Santa María de Acibeiro**, no municipio de Forcarei nunha zona montañosa próxima ó nacemento do río Lérez. No seu momento dotou á comarca dun enorme apoxeo demográfico, cultural e económico xa que estaba considerado un dos 7 máis importantes dos 38 que existían na Diocese de Compostela. Agora acolle a sede da Escola Taller, os seus alumnos rehabilitaron parte do mosteiro e continúan agora a súa for-



Santa María
de Armenteira.
Exterior

mación e práctica con outras dependencias como a futura hospedería e vellas salas dedicadas ó estudo.

En **Silleda** atópase o **Mosteiro de San Lorenzo de Carboeiro**, rodeado da canle do río Deza, ocupando todo o ancho dun outeiro nunha solución arquitectónica única en Galicia. Desde o mosteiro parte unha corredoira ata o río que é salvado por unha ponte dun só arco.

Desde Baiona pódese ir a **Oia**, onde se atopa o **Mosteiro de Santa María de Oia**, un dos poucos que se encontra fronte ó mar. A igrexa está considerada como un dos exemplos máis perfectos do cister con planta de cruz latina e cinco capelas rectangulares na cabeceira. Destaca tamén o coro baixo unha fermosa bóveda nervada.

En **A CORUÑA** é inescusable visita-lo **Mosteiro de Sobrado dos Monxes**. É, xunto co de Oseira, un dos máis grandes de Galicia. Está situado nunha zona de chaira, no Camiño de Santiago do

Norte e moi preto do Camiño Francés, na comarca de Melide. Destaca a monumentalidade Barroca da súa igrexa do s. XVII e o seu claustro dos Medallóns do XVI, sen esquecer unha das estancias máis antigas e belas, a cocíña monacal do s. XIII. Posúe aloxamento.

Santa María de Monfero. Situado nun fermoso enclave e nun estado de semiabandono, recórtase a figura do mosteiro do que se conserva bastante ben a igrexa e o claustro herreriano recentemente restaurado. Destaca da igrexa a combinación que fai de pizarra e granito tanto no aspecto decorativo como no constructivo.

Caaveiro, próximo a Pontedeume, atópase remontando o curso do río Eume e logo camiñando 10 minutos por unha pista de terra. Trala figura orixinal de campanario da igrexa están os restos dos edificios monacais. Desde unha pequena cha pode contemplarse unha maxestosa panorámica.